O ESPAZO E O POBOAMENTO URBANO

O fenómeno urbanizador é un feito novidoso, contemporáneo. Medra a partir da industrialización do país. O seu crecemento é tan grande que, hoxe en día, perto do 80% dos habitantes en España residen en cidades. Durante esta quincena estudiaremos as características máis importantes do espazo e o poboamento urbano deste país.
En primeiro lugar trataremos de dar unha definición do que entendemos por cidade diferenciando esta do ámbito rural.
No segundo apartado definiremos o que é morfoloxía urbana, que é o emprazamento e a situación e a tipoloxía máis corrente de planos.
A análise histórica do proceso de urbanización dende a Antigüidade á actualidade abordarase no apartado tres complementando co catro onde se dará conta das transformacións e modificacións dese espazo herdado na actualidade. Sinalaranse, por outro lado no apartado cinco, as funcións máis importantes que pode desempeñar unha cidade.
No apartado seis e sete falarase da cidade difusa (a cidade que se estende máis alá da cidade central e que abarca o que se denomina como área metropolitana) e do sistema urbano español.
No apartado oito falaremos dos problemas máis importantes que ten a cidade e na actualidade as posibles solucións propostas polos axentes sociais a partir da planificación urbana.
No apartado nove sinalaremos cales son as características básicas do sistema urbano galego.
E por último aplicaremos unha técnica de traballo: o comentario dun plano urbano.

0. ESQUEMA

1. CONCEPTO DE CIDADE.

1.1. **Criterios cuantitativos.** O número de habitantes.
1.2. **Criterios cualitativos: criterio morfolóxico** (concentración do hábitat, densidade e continuidade. Determinado tipo de arquitectura e urbanismo), **criterio funcional** (actividades), **criterio sociolóxico**, **influencia territorial**.

2. MORFOLOXÍA URBANA.

2.1. Localización e situación.
2.2. Tipos de plano. Plano irregular, ortogonal e radiocéntrico.
2.3. Trama e usos do solo.

3. PROCESO DE URBANIZACIÓN.

3.1. **A cidade preindustrial.** Orixes ata o século XVIII. (a cidade na antigüidade: da cidade fenicia á cidade romana; a cidade medieval: a cidade musulmán e cristiá; a cidade moderna: do Renacemento á Ilustración).
3.2. **A cidade industrial.** Do XIX a 1975.
3.3. **A cidade posindustrial.** 1975 á actualidade.

4. ESTRUTURA URBANA.

4.1. **Cidade preindustrial**: **casco antigo**. Modificacións na época industrial e posindustrial.

4.2. **Cidade industrial:** o ensanche urbano, barrios obreiros e industriais do extrarradio. A cidade xardín. Modificacións na época posindustrial.
4.3. **Periferia na cidade industrial e recentes transformacións urbanas.**
4.3.1. Barrios residenciais na periferia.
4.3.2. Áreas industriais e de equipamento na periferia.

5. FUNCIÓNS URBANAS.

5.1. Especialización ou modelo multifuncional: residencial, comercial, industrial, política-administrativa, cultural, lúdica-turística, militar.

6. AGLOMERACIÓNS URBANAS. A CIDADE DIFUSA.

6.1. Área metropolitana.
6.2. Outros tipos de aglomeracións: conurbación, rexión urbana e megalópole.

7. O SISTEMA URBANO ESPAÑOL. Xerarquía e redes do sistema urbano español.

7.1. Xerarquía urbana.
7.1.1. Metrópoles globais nacionais.
7.1.2. Metrópoles rexionais e subrexionais.
7.1.3. Cidades medianas.
7.1.4. Capitais comarcais.
7.2. Rede urbana.
7.2.1. A rede española.
7.2.1.1. O eixe mediterráneo.
7.2.1.2. O eixe cantábrico.
7.2.1.3. O eixe do val do Ebro.
7.2.1.4. O eixe atlántico.
7.2.1.5. O eixe andaluz.
7.2.1.6. Madrid
7.2.1.7. Arquipélagos.
7.2.1.8. As Comunidades Autónomas e o sistema urbano.
7.2.2. Rede urbana europea: o arco centroeuropeo e mediterráneo.

8. O PROBLEMA URBANO.

8.1. Os problemas.
8.2. Os axentes sociais.
8.3. A planificación urbana.

9. O SISTEMA URBANO EN GALICIA

10. TÉCNICAS DE TRABALLO: COMENTARIO DUN PLANO URBANO.

1. CONCEPTO DE CIDADE

A definición do que entendemos por cidade é moito máis complexa do que parece. En primeiro lugar non hai un criterio universalmente aceptado (en Dinamarca considérase por exemplo todo núcleo de poboación que teña polo menos 200 habitantes, mentres que en Xapón o mínimo establécese en 30.000). Por outro lado

todo criterio cuantitativo ou cualitativo pode poñerse en cuestión. Aínda así estableceremos uns criterios.

1.1. **Criterios cuantitativos**. O número de habitantes.

	TOTAL	URBANA*	Taxa Urban.
ESPAÑA	**46.157.822**	**36.276.766**	**78,6%**
Andalucía	8.202.220	6.530.460	79,6%
Aragón	1.326.918	906.234	68,3%
Asturias	1.080.138	932.353	86,3%
Balears, Illes	1.072.844	898.278	83,7%
Canarias	2.075.968	1.845.277	88,9%
Cantabria	582.138	392.912	67,5%
Castilla y León	2.557.330	1.434.987	56,1%
Castilla- La Mancha	2.043.100	1.088.981	53,3%
Catalunya	7.364.078	5.993.189	81,4%
C. Valenciana	5.029.601	4.154.402	82,6%
Extremadura	1.097.744	536.374	48,9%
Galicia	2.784.169	1.892.517	68,0%
Madrid	6.271.638	5.914.764	94,3%
Murcia	1.426.109	1.341.029	94,0%
Navarra	620.377	331.341	53,4%
País Vasco	2.157.112	1.733.930	80,4%
Rioja (La)	317.501	200.901	63,3%
Ceuta	77.389	77.389	100%
Melilla	71.448	71.448	100%

Fte. INE. Padrón municipal do 2008.
*** Poboación que vive en concellos de máis de 10.000 habitantes.**

O ***Instituto Nacional de Estatística*** establece como urbano todo concello que ten máis de 10.000 habitantes. Este criterio xa é de por si discutible: a dispersión da poboación que hai en Galicia[1] ou, no caso contrario, a concentración nos núcleos poboacionais do sur de España (Castilla-La Mancha, Murcia ou Andalucía) onde máis que cidades deberíamos falar de pobos grandes ou agrocidades. Aínda así este é o criterio aplicado estatisticamente.

1.2. **Criterios cualitativos**: morfolóxicos, funcional, sociolóxico e influencia territorial.



O criterio **morfolóxico** fíxase no aspecto formal do núcleo de poboación: concentración, alta densidade de edificacións e poboación, predominio da vivenda colectiva e en altura.
O punto de vista **funcional** está relacionado coa actividade económica. Nun núcleo urbano predominan as actividades do sector secundario (industria) pero sobre todo terciarias. Incluso podemos establecer un criterio cuantitativo (máis do 90% da poboación que habita nun núcleo urbano dedícase a este tipo de actividades).

[1] Un dato : o concello coruñés de Santa Comba tiña (segundo o padrón municipal do 2008) 10.577 habitantes. Aínda así non o podemos considerar urbano. A extensión e dispersión demográfica (271 núcleos de poboación distribuídos en 17 parroquias. Na capital só viven 2.300 habitantes) e o predominio de actividades relacionadas co sector primario cuestiona este criterio que si é aceptado estatisticamente.

A **socioloxía** fala de cidade cando hai máis diversidade social, as relacións son máis impersoais e anónimas fronte a homoxeneidade e relacións máis directas que ten ámbito rural.
Unha cidade ten por outro lado unha **influencia territorial** que excede o seu marco físico. A cidade concentra moitas actividades (administrativas, culturais, comerciais, de servizos...) que amplían a súa área de influencia a un contorno máis extenso. Polo tanto a cidade vertebra e xerarquiza ese espazo.

2. MORFOLOXÍA URBANA

Denominamos **morfoloxía** ao aspecto externo que presenta a cidade. Cinco elementos a configuran a **localización**, a **situación**, o **plano**, a **trama** e os **usos do solo**.

2.1. Localización e situación.

Chamamos **localización** ao espazo onde está asentada unha cidade. O medio físico e as funcións para a que se creou condicionan o tipo de localización (perto dun río, porto natural, outeiro cunha finalidade defensiva...). A **situación** é a posición dunha cidade con respecto ao seu contorno xeográfico (no centro dunha encrucillada de rutas comerciais por exemplo).

LOCALIZACIÓN DE A CORUÑA EN RELACIÓN Á FACTORES FÍSICOS: TOPOGRAFÍA, SOLOS, SOLEAMENTO OU VENTOS DOMINANTES



SITUACION DE A CORUÑA E FERROL EN RELACIÓN O SISTEMA URBANO E EIXES DE COMUNICACIÓNS NO CONTORNO DO GOLFO ÁRTABRO



2.2. Tipos de plano

Un plano é unha representación gráfica a gran escala onde se representa bidimensionalmente o espazo urbano: os espazos libres (rúas, prazas, parques) e superficies construídas (edificios en mazá ou en bloques). O **plano é irregular** ou **regular** dentro deste último destacan o **ortogonal** e **radiocéntrico**. O plano irregular presenta unha forma anárquica, non ordenado, rúas estreitas, non reguladas este tipo de plano vai asociado aos cascos antigos, cando a cidade medraba (case sempre dentro duns límites físicos como a muralla) espontaneamente, sen planificar.



O plano ortogonal, tamén denominado en cuadrícula ou taboleiro de damas, é un plano regular formado por rúas paralelas que se cortan con outras perpendiculares en ángulo recto.

Plano regular ortogonal do ensanche de San Sebastían

Plano regular radiocéntrico do ensanche de Bilbao

O plano radiocéntrico tamén é un plano regular pero formado por un punto (unha praza) da que parten rúas radiais cortadas por outras (xeralmente) que forman aneis en torno a ese centro.

2.3. Trama e usos do solo.

A disposición das áreas onde van as edificacións entorno ás rúas e prazas denomínase trama. Esta pode ser **pechada** (se é compacta formando mazás). En cambio se na mesma parcela onde van as edificacións deixase espazo libre para zonas verdes ou outro tipo de equipamentos falamos de trama **aberta**. O tipo de

edificación pode ser **colectivo** e en altura (bloques e torres) ou **individual** (vivendas acaroadas ou exentas). Os **usos do solo** poden ser variados: residencial, industrial, comercial, equipamento...

3. O PROCESO DE URBANIZACIÓN

Denomínase proceso de urbanización á concentración progresiva de poboación na cidade, das actividades económicas (asociadas estas ao sector secundario e terciario) e a función rectora dun espazo máis amplo que a propia área urbana coa difusión e influencia cara ese contorno.
A vida e o espazo urbano existe dende a idade Antiga, pero será co proceso de industrialización que arranca no século XIX, cando este medre moito.
Diferenciamos varias etapas: urbanización preindustrial (ata mediados do XIX), industrial (mediados do XIX a 1975) e posindustrial.
Por último hai que distinguir entre o termo **urbanización** (que corresponde ao definido anteriormente) e **urbanismo** (planificación ou construción do espazo urbano).

3.1. A cidade preindustrial (da antigüidade á mediados do XIX)

Características: urbanización modesta. Menos do 10% da poboación vivía en cidades. Estas mantíñanse estables (arredor de 5.000-10.000 habitantes, poucas tiñan 25.000-100.000)
Funcións: estratéxico-militar, político-administrativo, económicas (centros de intercambio comercial a través dos mercados o centro de rutas de distribución) e relixiosas.

Corresponde, polo xeral, á parte da cidade que actualmente denominamos casco histórico. É herdanza de distintas etapas históricas, de varias xeracións, polo que o seu trazado é irregular e heteroxéneo. A orixe de moitas cidades españolas son o produto de 2.000 anos de evolución constante, algunhas incluso de máis.



Etapas:

Orixes: podemos datala no primeiro milenio antes da nosa Era coa colonización fenicia e grega (Cádiz, Ampurias), culturas

indíxenas (Tartesos, ou na civilización celtibera como o caso de Numancia. Pero será coa **romanización** cando se faga expandir o mundo urbano. Na actualidade o plano urbano non se manifesta polas alteracións posteriores. Aínda así o **plano ortogonal** ordenado por dous eixes que se cortaban perpendicularmente na praza principal ou foro: o cardo (eixo N-S) e decumanos (E-O). É perceptible no plano histórico, ademais de certos monumentos de Zaragoza (Caesar Augusta), Barcelona (Barcino), Mérida (Emérita Augusta), Valencia e menos en Tarragona (Tarraco), Sevilla (Hispalis) ou Cartaxena (Cartago Nova). A cidade de Lugo en Galicia é a máis significativa. **Coa caída do imperio romano e as invasións xermánicas o mundo urbano entra en declive**.

Na **idade Media** diferenciaremos o espazo **musulmán:** o plano urbano alterou profundamente, en moitos casos, os planos anteriores (Sevilla, Córdoba, Granada, Toledo ou Málaga); e noutros, deu lugar á aparición de novas cidades (Almería, Murcia e Madrid). Este constitúe un auténtico labirinto de rúas estreitas que se torcen e retorcen infinitas veces, se entrecruzan, lanzan ramificacións ou acaban en fondos de saco, pechados polos adarves. Na cidade musulmana existe a **medina** (cidade propiamente dita), onde se atopaban a mesquita principal e o zoco. Fora deste conxunto atopábanse os arrabaldes, as veces separados entre si por murallas, onde se agrupaba a poboación segundo os seus oficios. Esta anarquía no trazado viario dura aínda en moitas cidades ou barrios: o Albaicín de Granada, Toledo, Ronda, Córdoba, Écija, Málaga...

Casco antigo de Tole

O espazo **cristián** impulsado pola reactivación do comercio e do artesanado a partir do século XI no norte da Península. A cidade comprímese nas murallas, polo

Casco antigo de Vitoria. Cidade medieval cristiá.

xeral de trazado circular que protexen rúas sinuosas e irregulares. É perceptible a tendencia das rúas a dispoñerse de forma radial dende o centro ata as portas da muralla. Esta estrutura radial é compatible coa existencia de círculos concéntricos de rúas. A máis exterior delas ten unha sola liña de casas: enfronte atopábase a muralla. En definitiva, o plano é desordenado e parcialmente caótico e con marcada tendencia cara o radioconcéntrico. Sobre as apertadas casas sobresaen os edificios relevantes: igrexas, pazos. Se a cidade crecía, tiña que facelo fora do recinto amurallado creando **arrabaldes** aínda perceptibles en moitas cidades medievais. Durante esta época revisten especial importancia, as cidades xurdidas xunto ao **Camiño de Santiago**. Normalmente de plano alongado, que sigue o Camiño e, polo tanto, regular. Exemplo: Santo Domingo de la Calzada, Estella, Pte. La Reina, Logroño... Na época baixomedieval e en áreas moi lonxe da fronteira musulmana xurde outro tipo de cidade, cun plano reticular moi ordenado: ortogo-nal ou en damei-ro. A este plano adáptanse Villarreal, Nules ou Viana entre ou-tros.

No Renacemento (XVI), o trazado viario mantén as características herdadas da Idade Media, con escasas rectifica-cións ou amplia-cións e só se asiste a aparición de edificios significativos. Nestas cidades contrasta a pobreza urbanística co esplendor arquitectónico (Cáceres, Úbeda, Salamanca, Madrid, Toledo son exemplos desta riqueza renacentista). Non obstante, nesta época aparece os máis xenuínos elementos da urbanística española: **a praza maior**, de constante plano cuadrangular. Aínda que é certo que a súa configuración definitiva alcanzarase durante o barroco, non o é menos que durante o Renacemento presenta xa os seus trazos esenciais de uniformidade arquitectónica, uso comunitario e centro de heteroxéneas actividades públicas. Da importancia da praza Maior fala o feito de que durante o século XVI foi un elemento básico do plano urbano. A isto obrigaban as ordenanzas de Felipe II de 1573, que debían ser aplicadas nas cidades españolas desta época e nas que se fundaban en Hispanoamérica. En todas elas se repite insistentemente o trazado da cidade granadina de **Santa Fe**, onde o plano en dameiro alcanza a súa máxima expresión.



Reprodución do crecemento de Santiago na Idade Media. Plano do casco antigo (imaxe superior dereita). Fotografía da praza Maior de Madrid s. XVII. (imaxe inferior dereita)

Durante o Barroco (XVII), estáncase a poboación, crise demográfica e económica. A trama urbana sigue igual salvo a monumentalidade nas igrexas e pazos e a proposta da praza maior.

No **XVIII,** co cambio dinástico e coas ideas Ilustración, a cidade se concibe como lugar onde os cidadáns vivan agradablemente. Búscase a uniformidade, co predominio da liña recta; a monumentalidade en edificios privados e públicos; ábrense xardíns, paseos alamedas, para beneficio dos cidadáns, e se programan barrios enteiros de construción (barrio da Madalena de Ferrol por exemplo) homoxénea. É a partir destes momentos cando se pode comezar a falar propiamente de urbanismo. Fúndanse novas cidades, novas poboacións ou colonizacións por motivos económicos e de seguridade en Serra Morena: La Carolina, La Carlota, Santa Elena, Guarromán, Las Navas de Tolosa, todas elas modelo acabado da concepción urbanística da Ilustración. Durante o reinado de Carlos III se acometeran as reformas urbanísticas de Madrid en torno o Paseo do Prado.

3.2. A cidade industrial. (do XIX a 1975)

A taxa de urbanización experimentou un gran crecemento neste período. **Factores** administrativos como a aparición das **capitais provinciais** pero sobre todo económico: a **aparición da industria**.

a) Ata mediados do XIX o crecemento urbano foi pequeno: 24,6%.
b) Mediados do XIX ata Guerra Civil grande: 40%.
c) Posguerra (ata 1960) estancamento.
d) Desenvolvemento (1960-75) gran expansión industrial: 70% da poboación urbana.

As actuacións morfolóxicas no plano urbano serán tratadas no apartado da estrutura urbana.

3.3. A cidade posindustrial (De 1975 á actualidade)

a) Ritmo de crecemento descende. Inicialmente pola crise económica que afecta sobre todo a actividade industrial e en segundo lugar:
b) Cambio do modelo de produción: incremento das actividades terciarias.
c) Dende os oitenta ata hoxe fréase o proceso de crecemento nas maiores cidades. Dispersión da urbanización ou urbanización difusa.

Igual que no apartado anterior, as modificacións no tipo de plano serán tratadas na estrutura urbana.

4. ESTRUTURA URBANA

Xa vimos en que consistía a **morfoloxía urbana** agora imos aclarar o termo estrutura. Denomínase **estrutura** urbana á relación entre o urbanismo, as funcións económicas e sociais que se crean no interior do espazo urbano entre as distintas partes que compoñen a cidade. Composta, no caso de cidades históricas, de sucesivas zonas habitualmente agregadas de forma concéntrica a partir da localización dun núcleo inicial onde se fundou a cidade.

PROCESO DE URBANIZACIÓN EN ESPAÑA		
ANO	**POBOACIÓN URBANA %**	**POBOACIÓN RURAL %**
1900	31	69
1920	41	59
1940	49	51
1960	57	43
1980	74	26
2008	78,6	21,3

As transformacións tecnolóxicas e sociais modifican a cidade e o seu plano. Observa o seguinte esquema:

Sistema tecnolóxico ↓ ↑ **Sistema social**	Modos de producción hexemónico. → Modo de producción marxinal.	Actuación sobre o modelo territorial preexistente. → Renovación. Destrucción. Construcción. Marxinación.	Discurso ideolóxico Xustificativo. → Hixienismo. Racionalismo. Modernidade e progreso.	Cara a produción e uso dun espazo urbano acorde cun sistema tecnolóxico e organización socialmente dominante.
Fte. Estébanez Álvarez, J. *Las Ciudades. Morfología y Estructura.* Ed. Síntesis				

A cidade en España, igual que no conxunto das cidades europeas, divídese en áreas con morfoloxía e funcións características. Ten unha estrutura complexa; a cidade convencional divídese nun: casco antigo, relacionado coa cidade preindustrial; un **ensanche** e barrios obreiros coa industrial e periferia actual. Noutros núcleos mesturáronse con núcleos de poboación próximos: **aglomeracións urbanas.**

4.1. Cidade preindustrial: casco antigo. Modificacións na época industrial e posindustrial.

Xa vimos no proceso de urbanización a formación e consolidación dos chamados cascos históricos. Neste apartado veremos as súas modificacións na etapa industrial e actual..

a) No plano:

Derribo das murallas antigas. Na maioría das cidades españolas (a excepción de Ávila, Lugo...), foron derrubadas as murallas. No perímetro xerado abríronse rúas ou roldas que rodean ao casco histórico (isto pódese observar en Santiago).

Novo aliñamento de rúas e prazas: ensanchar, rúas e prazas para facilitar a circulación do tráfico rodado.

Creación de grandes vías, **no último tercio do século XIX e principios de XX**, que conectan o casco antigo con barrios novos (ensanches) ou coa estación ferroviaria. Instálanse funcións terciarias (comercios, banca, aseguradoras, casinos, teatros...). O



Plano do Trazado da Gran Vía de Madrid, aprobado en 1904. Deseño de López Sallaberry.

exemplo máis importante o temos na Gran Vía de Madrid. A política de renovación e modernización levada a cabo a partir da **década dos sesenta do século XX**, destruíu sectores do casco antigo e modificou o trazado dalgunhas rúas ou abriu outras novas.

b) **Na trama:** densificouse na época industrial para aproveitar máis o espazo e a edificación. Increméntase o volume das edificacións tanto en altura como en anchura de medianeiras.

c) **Usos de solos**: terciarización. Aparecen grandes galerías comerciais, oficinas centrais bancarias, aseguradoras... O papel residencial é secundario e marxinal. Tende a localizarse, igual que na área do ensanche, o



Transformación do alzado do Cantón Grande de A Coruña entre 1906 e 2006

chamado **CBD** ou **distrito central de negocios**. A **desamortización** cambiou os usos do solo (relixioso por usos terciarios).
d) **Socialmente**: proceso de segregación social que variou temporalmente. Na actualidade atopámonos cunha **dualidade social**: ocupación de colectivos marxinais ou poboación anciá con rendas moi baixas naqueles sectores do casco antigo degradado e non rehabilitado e, por outro lado, un proceso de **xentrificación**[2] ou **elitización** no que, persoas con notables recursos económicos rehabilitan e ocupan este espazo no que se incorporan usos terciarios de alto valor engadido (galerías de arte, tendas de deseño, restaurantes de luxo, bares de moda)
Transformacións actuais: política de rehabilitación integrada: conservación, recuperación e revitalización da morfoloxía tradicional, evitando o conservacionismo sen concesións como a renovación especulativa.

4.2. Cidade industrial: o ensanche urbano. O ensanche burgués, barrios obreiros e industriais do extrarradio, barrios axardinados.

Como consecuencia da revolución industrial, as cidades van coñecer profundas transformacións, que supoñen a chegada dunha nova etapa no proxecto de urbanización.
A industria convulsionou profundamente ás cidades e a vida nelas, porque, ao localizarse nestas, atraeu cara a cidade moita poboación. Prodúcense intensos movementos migratorios de campesiños que buscaban novas posibilidades de traballo, mellor nivel de vida: prosperidade, en definitiva.

Nas etapas iniciais desta fase as cidades foron evolucionando sen ningún tipo de dirección, orientado polos intereses especulativos privados. Os novos poboadores urbanos procedentes do mundo rural nutríronse de man de obra de industrias, polo que os seus barrios estaban nas proximidades das fábricas. Con isto, a cidade tradicional deteriorábase. En moitos casos, o casco histórico era invadido e degradado, e a cidade perdía todo o equilibrio co medio natural. O orde e a dignidade das cidades herdadas do pasado sucumbían ante o caótico período industrial.
Para poñer remedio a esta situación multiplícanse as ideas sobre a necesidade de planificación urbana. Estas céntranse, no século XIX, principalmente nos **proxectos de ensanche**, que supoñen o derribo das murallas tradicionais e a planificación meticulosa dun sector, urbano, conectado máis ou menos morfolóxica e funcionalmente con outros sectores da cidade tradicional.
O atraso que se produce en España a revolución industrial con relación a Europa occidental e as escasas áreas onde ten lugar, orixinan que o crecemento demográfico das cidades poida ser absorbido mediante o aumento da altura dos edificios e a ocupación do chan non edificado, acompañado da remodelación de rúas e apertura das prazas. Isto causou, por unha parte, moi altas densidades nos cascos antigos, aínda que tivo a vantaxe de facer posible que a planificación posterior dos ensanches puidera ser acometida sen angustia e, polo tanto, coa calidade urbanística.

O ensanche burgués

Os ensanches do século XIX foron concibidos e planificados como sectores da cidade totalmente novos e sobre solo virxe, mellor ou peor conectados cos barrios tradicionais ou, simplemente, xustapostos. Dos proxectos iniciais (por causa dos cambios habidos, provocados por unha persistente especulación só queda nos planos

[2] **Xentrificación** (anglicismo, *gentrification*). Literalmente podémolo traducir como **aburguesamento**. Proceso de transformación urbana na que a poboación orixinal dun sector ou barrio depauperado e deteriorado é progresivamente desprazada (*mobbing espacial)* por outra de maior nivel adquisitivo á vez que se renova ese espazo.

actuais a regularidade do trazado viario, ortogonal, así como a uniformidade e a ordenación das mazás.
Os ensanches máis importantes a mediados do XIX, foron executados en **Barcelona (plan Cerdá)** e **Madrid (plan Castro** para o Barrio de Salamanca**)**. Ambos aprobados en 1860, foron seguidos doutros plans menores, como o San Sebastián e posteriormente o de Valencia, Pamplona e Zaragoza e xa no século actual o de Palma de Mallorca (de deseño radial), Santander, Cádiz e **A Coruña** (plan Ciórraga) entre outros. O problema común a todos eles é que só puideron ser ocupados por persoas de alto ou medio poder adquisitivo e, polo tanto, non resolveron os problemas da vivenda das clases traballadoras.

ENSANCHE DA CORUÑA, 1889. A CIDADE A PRINCIPIOS DO XX

VIGO, 1857. ENSANCHE DE 1874, ESTADO DA CIDADE EN 1890

Diapositivas do *Proxecto Terra*. COAG.

O PROXECTO DE ILDEFONSO CERDÁ DO ENSANCHE DE BARCELONA Á SITUACIÓN ACTUAL



Proxecto de Cerdá (1859)		**Situación actual**	
Espazo edificable:	19%	Espazo edificado:	34%
		Espazo comercial (almacéns interiores)	17%
Espazo de viais:	47%	Espazo de viais:	47%
Espazo libre público:	7%	Espazo libre público	2%
Xardíns privados:	27%	Xardíns privados	0%

Cerdá vai abordar con decisión os problemas de Barcelona: mentres que a poboación quintuplícase, a cidade amurallada tradicional limita toda expansión, a densidade de poboación nunha estrutura de edificación con altura reducida era de 860 habitantes por hectárea, a vida media non pasa dos trinta e seis anos para as clases elevadas e vintetrés para os pobres, a hixiene era deficiente ou nula,...
As características do Plan Cerdá son:
Parte do respecto á zona antiga.
Trátase dun plan de ensanche de plano ortogonal, unha inmensa cuadrícula que estende a cidade cara o río Besós.
As edificacións están concibidas en mazás nas cales ordenábase a edificación en bloque de non excesiva altura (16 m.), illadas entre xardíns.
As rúas, de 20 metros de anchura, córtanse en ángulo recto. O conxunto vial ordénase segundo os eixes N-E e N-O e dúas grandes diagonais o cortan, cruzándose nun punto central que se considera como o futuro centro teórico da cidade (Praza das Glorias Catalanas). A previsión de grandes arterias cidadáns, é un dos logros do proxecto.



Un dos aspectos máis interesante do plan radica no xeito de enlazar a cidade vella e a nova: o casco antigo é atravesado pola prolongación de tres das rúas novas, dúas delas cara o mar e a terceira atravesándoa perpendicularmente.
Estaban previstos oito parques públicos sen contar o grande bosque á beira do Besós, no límite da cidade.
Analizando o proxecto debemos advertir que este plan non foi levado integramente á práctica. Si se compara co plano actual de Barcelona, identificamos o proxecto feito realidade, pero se reduciu a un plan rectangular que acumulou moitos máis edificios dos previstos. Aumentouse a altura das casas e os patios de mazá, destinados en principio a zona verde, construíronse ata determinada altura.

Dende os anos sesenta á actualidade, a trama densificouse e a edificación medrou en altura. Nela reside a clase media-alta cun progresivo envellecemento pobacional e hai unha crecente terciarización do uso do solo que medra tamén verticalmente igual que en parte do centro histórico.

Barrios obreiros e industriais do extrarradio

Os **suburbios** foron unha das cons ecuencias negativas que trouxo a revolución industrial. A finais do século XIX e, sobre todo, nas primeiras décadas do século XX comezan a xurdir nos arredores das grandes cidades xunto ás principais vías de acceso, perto dos portos, estacións de ferrocarril e núcleos fabrís barrios desorganizados no seu plano debido á parcelación privada realizada polos seus propietarios de trama pechada e densa con edificios de vivendas de escasa dimensión e calidade onde se mesturan os usos de solo residencial con industrias, obradoiros ou almacéns, nalgunhas ocasións apoiados nos núcleos agrarios próximos e, por conseguinte, de baixa calidade urbanística, por un crecemento desordenado e pola baixa calidade da construción, que é ínfima nas aglomeracións de chabolas. O resultado é un plano irregular, aínda que adaptado en moitas ocasións ás vías de comunicación que conectan coa grande cidade, coa que, co correr do tempo, acaban fusionándose. Un exemplo deste tipo de crecemento urbano o ofrece Madrid de comezos do século XX, cando se van creando os entón suburbios de Vallecas, Tetuán, Ventas do Espírito Santo, o Carmen..., aos que se van acaroando os núcleos preexistentes de Vicálvaro, Hortaleza, Canillejas e os Carabancheles. Similar proceso se produce en Barcelona coa anexión dos pobos de Sants, Gracia, Sant Andreu, Poble Nou, Horta e Sarriá.
Actualmente esta área sufriu unha importante transformación e remodelación. As zonas industriais foron baleiradas (trasladándose a actividade industrial cara a periferia ou simplemente desmantelándose) e o solo será ocupado por usos terciarios (centros comerciais ou recreativos, museos, campus universitarios) ou transformándose nunha área residencial que será ocupada por clase media-alta. As antigas áreas residenciais foron remodeladas e revalorizadas nos sectores máis accesibles. Nos menos accesibles e desorganizados, mantense a degradación e marxinalidade social.

Barrios axardinados

Os **barrios-xardín** ou **cidade xardín** aparecen a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX, como resultado da divulgación de ideas naturalistas, hixienistas (o efecto positivo do sol e o aire libre na saúde) e de superación da dualidade campo-cidade *(urbanizar o campo, ruralizar a cidade)*.

A **cidade-xardín** ten como modelo os proxectos do urbanista inglés **Howard**, aínda que a idea de realización en España foi menos ambiciosa (creáronse barrios-xardín de vivendas unifamiliares non cidades-xardín autónomas). Tivo moita importancia a Lei de Casas Baratas (de 1911, modificada en 1921) inspirada nas colonias obreiras axardinadas inglesas e nos principios do **urbanismo utópico**. Este modelo que foi pensado para mellorar as condicións de vida da clase obreira foi progresivamente ocupado polas clases medias-altas que son os que residen na actualidade. Ademais da función residencial, tamén hoxe en día, hai unha certa terciarización da actividade neste sector. Terciario asistencial, sanitario e educativo (clínicas sanitarias, garderías, centros xeriátricos, centros educativos, ximnasios...) conviven coa zona de residencia.
A **cidade lineal**, deseñado polo urbanista español **Arturo Soria e Mata**, é un dos proxectos máis interesantes do urbanismo contemporáneo pola súa calidade conceptual e pola transcendencia que tivo fora de España.
O modelo estaba pensado para descentralizar a aglomeración madrileña creando un gran anel concéntrico ao redor da capital. Tres elementos básicos eran fundamentais: a incorporación das zonas verdes ás vivendas e a cidade no seu conxunto, mellorar a conexión do transporte primando o colectivo e o intento de superar a segregación social. Para iso trazou unha grande rúa de 40 metros de anchura e varios quilómetros de lonxitude,



que tomaba como eixe principal unha liña de transporte (ferrocarril e tranvía, neste caso) que unía dous núcleos periféricos preexistentes (Chamartín e Vicálvaro). Ao redor das estacións do ferrocarril situábanse os comercios, servizos públicos e privados, e os centros sociais. Todas as casas eran unifamiliares, co parcela de xardín e horta.
As dificultades financeiras fixeron que só se chegase a realizar uns 5 km. Actualmente é un barrio moi desnaturalizado do proxecto inicial. Moitos dos chalés foron derribados e substituídos por bloques de pisos, comercios, oficinas... Con posterioridade, a idea foi recollida polo urbanismo soviético e aplicada nalgunhas das cidades, así como polo Reino Unido, que se plasmou nas ***new towns***.

4.3. Periferia actual e recentes transformacións urbanas.

4.3.1. Barrios residenciais na periferia.

Os anos posteriores á guerra civil foron do estancamento urbano. A partir dos anos sesenta as cidades medran de xeito espectacular. Sobre todo as grandes cidades. O cambio no modelo de actividade produtiva é responsable desta situación que provoca un forte **éxodo rural**. A cidade expándese cara a periferia. Podemos resumir de dúas maneiras sen planificar ou de forma planificada aparece a zonificiación. **Entre os anos cincuenta e oitenta** destacan os seguintes modelos:

- **Barrios marxinais de infravivendas ou chabolas** como o Pozo del Tío Raimundo e Madrid.
- **Barrios de vivendas de promoción oficial**: como o barrio de Vista Alegre en Santiago.
- **Barrios sen planificar (crecemento en mancha de aceite)**: Castiñeiriño en Santiago ou o Agra do Orzan en A Coruña.
- **Polígonos de vivenda de promoción pública e privada:** Fontiñas en Santiago. **A zonificación**: a finais da posguerra, no mundo occidental e a partir dos anos sesenta en España. Xurde a planificación por especialización dos usos do chan. É a época da creación dos grandes polígonos industriais que van estar asentados na periferia das cidades e a creación dos polígonos de residencias de baixa, media ou alta densidade collendo os modelos urbanísticos de **Le Corbusier** e **Van der Rohe** cunha visión moi racional. As tramas son abertas. Este modelo proseguirá ata a actualidade.

A partir dos anos oitenta súmaselle novas propostas relacionadas co auxe do transporte:

- **O quinteiro pechado** constituído por bloques de vivenda de trama aberta dotados con instalacións de uso privado (xardíns, xogos infantís, piscinas) ou público (prazas).
- **Áreas de vivendas unifamiliares** na periferia da cidade con urbanizacións de vivendas exentas ou acaroadas. Dando lugar á chamada **cidade difusa**.

4.3.2. Áreas industriais e de equipamento na periferia.

- **Áreas industriais**: polígonos industriais organizados ou desorganizados que aparecen a partir dos anos sesenta. Aos que hai que sumarlle os parques empresariais e tecnolóxicos.
- **Áreas de equipamento descentralizadas**: grandes superficies comerciais, centros educativos, sanitarios e de servizos situados na periferia urbana.

5. FUNCIÓNS URBANAS

5.1. Especialización ou modelo multifuncional: residencial, comercial, industrial, política-administrativa, cultural, lúdica-turística, militar.

Chamamos funcións urbanas ás actividades desenvoltas habitualmente polo poboación da cidade. Poden ser de residencia, traballo, transporte, ocio... Polo xeral a cidade é multifuncional. Canto máis grande é un núcleo urbano ou área metropolitana máis funcións exerce. Pero as veces algunha función específica especializa a unha cidade en unha ou varias funcións. Estas poden ser: **residencial**, **comercial** (grandes áreas comerciais que atraen a poboación non residente no núcleo urbano), **industrial** (cada vez menos presente pois esta alónxase dos núcleos urbanos. Terciarización da vida urbana), **militar** (existencia de acuartelamentos e infraestructuras que lle dan peso a esta función como no caso de Ferrol. Aínda así, os cuarteis tenden a expandirse cara a periferia)**, político-administrativa** (a administración pública nos seus distintos graos xera este tipo de especialización como se pode observar no caso de Santiago), **terciario superior** (como se observa nas cidades onde se atopan as principais direccións de empresas do país), **cultural-histórica-relixiosa** (como no caso de Santiago) ou tamén **lúdica** e **turística**. Existen cidades especializadas en actividades do sector primario (**agrocidades**) localizadas en Andalucía, Murcia, Castilla La Mancha ou no levante. Cidades especializadas no sector secundario como

as cidades mineiras de (Asturias ou León) ou industriais (cornixa cantábrica) ou periferia de Barcelona. Pero o predominio está nas actividades de tipo terciario.

6. AGLOMERACIÓNS URBANAS. A CIDADE DIFUSA.

Algunhas cidades creceron ata conectar con outros núcleos de poboación. Créanse así aglomeracións urbanas de diferentes tipos:

6.1. Área metropolitana.

Chamamos área metropolitana á grande extensión urbana que rodea a unha cidade importante e abarca administrativamente varios municipios, entre os que existen importantes relacións económicas e sociais. As características básicas son:

- **Cidade central** que preside toda a área (dentro dela nace a chamada CBD).
- Relacións económicas e sociais co contorno: **área de influencia**.
- Rede de comunicación é esencial (movementos pendulares diarios).
- Heteroxeneidade social. O número de habitantes supera os 200/250.000.
- Coroas concéntricas arredor do núcleo central: sectorial e radial.

Orixinariamente as áreas metropolitanas constituíronse en Madrid, Barcelona, Bilbao e Valencia. Actualmente teñen maior amplitude e dispersión (cidade difusa). Canto máis ampla a área de influencia falaremos de **metrópole nacional**, **rexional** ou **subrexional**.

6.2. Outros tipos de aglomeracións: conurbación, rexión urbana e megalópole.

- **Conurbación:** fusión de dúas cidades de tamaño similar que medran en paralelo ata unirse. Cada cidade mantén a súa independencia administrativa. A maioría prodúcese en áreas turísticas pero pode haber outro tipo de factores. Aínda que non son de tamaño similar a conexión de Pontevedra e Marín podería considerarse como unha conurbación. A pequena escala, as vilas de Cee e Corcubión na provincia de A Coruña.
- **Rexión urbana**: área urbana descontinua, que forma unha nebulosa urbana de cidades dispersas pero cunha forte densidade, de espazos sobre o territorio

que teñen características urbanas. Por exemplo a chamada “T” asturiana (Avilés-Gijón-Oviedo), golfo Ártabro coruñés (Ferrol-A Coruña), Vigo-Pontevedra-Vilagarcía.

- **Megalópole**: Estamos ante unha escala suprarrexional constituída por diversos elementos urbanos (área metropolitana, conurbacións, rexións urbanas, pequenas cidades) que forman practicamente un continuo urbano en centenas de quilómetros como por exemplo o eixe Mediterráneo entre Cartaxena e a fronteira francesa que pode continuar pola área litoral do Mediterráneo francés (inclúe as áreas metropolitanas de Barcelona, Valencia e Alacant).

7. O SISTEMA URBANO ESPAÑOL. Xerarquía e redes do sistema urbano español.

MUNICIPIOS DE MÁIS DE 100.0000 (2008) O (39,87%) da poboación española vive en 61 cidades de máis de 100.000 HABITANTES	18.401.641
Madrid	3.213.271
Barcelona	1.615.908
Valencia	807.200
Sevilla	699.759
Zaragoza	666.129
Málaga	566.447
Murcia	430.571
Palma de Mallorca	396.570
Palmas de Gran Canaria (Las)	381.123
Bilbao	353.340
Alacant	331.750
Córdoba	325.453
Valladolid	318.461
Vigo	**295.703**
Gijón	275.699
Hospitalet de Llobregat (L')	253.782
A Coruña	**245.164**
Granada	236.988
Vitoria-Gasteiz	232.477
Elche/Elx	228.348
Santa Cruz de Tenerife	221.956
Oviedo	220.644
Badalona	215.329
Cartagena	210.376
Móstoles	206.275
Terrassa	206.245
Jerez de la Frontera	205.364
Sabadell	203.969
Alcalá de Henares	203.645
Pamplona/Iruña	197.275
Fuenlabrada	194.791
Almería	187.521
Donostia-San Sebastián	184.248
Leganés	184.209
Santander	182.302
Castelló de la Plana	177.924
Burgos	177.879
Alcorcón	167.997
Albacete	166.909
Getafe	164.043
Salamanca	155.740
Logroño	150.071
San Cristóbal de La Laguna	148.375
Huelva	148.027
Badajoz	146.832
Tarragona	137.536
León	135.119
Lleida	131.731
Marbella	130.549
Cádiz	127.200
Dos Hermanas	120.323
Mataró	119.780
Santa Coloma de Gramenet	117.336
Torrejón de Ardoz	116.455
Jaén	116.417
Algeciras	115.333
Parla	108.051
Reus	107.770
Alcobendas	107.514
Ourense	**107.057**
Torrevieja	101.381

Segundo o censo de 2008 hai en España 61 cidades con máis de 100.000 habitantes, pero só seis que rebasen os 500.000. De acordo co seu tamaño, estas ordénanse xerarquicamente.
Hai que ter en conta que falamos de cidade pero non da súa área metro-politana (cidade central máis área de influencia) a poboación da área metropolitana será moito máis alta.

As cidades españolas están integradas nunha malla ou rede de relacións que establecen entre elas. Teñen unhas características de tamaño e funcións. Exercen unha influencia sobre unha área máis ou menos ampla (local, rexional, nacional ou mundial) e ocupan unha posición xerárquica dentro do sistema urbano.

7.1. Xerarquía urbana.

O peso demográfico das cidades ou aglomeracións urbanas pode servir de base a xerarquía urbana. A **regra rango-tamaño** relaciona a poboación dunha cidade e o seu rango (número de orde). É un instrumento de análise e interpretación que permite comparar a distribución xerárquica das cidades ou aglomeracións dun sistema na realidade coa súa distribución ideal.

A REGRA RANGO-TAMAÑO COMO PRINCIPIO DE XERARQUIZACIÓN DO SISTEMA URBANO

A relación consiste en que a poboación de orde ou rango "r" é de 1/r el tamaño da poboación da aglomeración máis poboada. A aglomeración situada en segundo lugar pose aproximadamente un 1/2 da poboación da primeira, a terceira 1/3, a cuarta 1/4 e así sucesivamente. Deste xeito, os tamaños de todas as aglomeracións do sistema aparecen vinculados entre si e poñen de manifesto as interrelacións existentes entre unhas e outras. A súa formulación é así:

Onde: P_r= é a poboación da aglomeración de rango r.

$$P_r = \frac{P_1}{r}$$

P_1= é a poboación da aglomeración principal.
R= é o rango da aglomeración cuxa que se pretende saber.

A poboación esperada para cada aglomeración do sistema e a que ten en realidade poden ser representadas nunha gráfica, co que podemos valorar facilmente o grao de aproximación das aglomeracións do sistema considerado ao modelo de distribución xerárquico ideal da regra rango-tamaño. A adecuación ou non entre os valores reais e os estimados para el conxunto de cidades do sistema analizado poden ser expresados nun cadro de datos. Recóllese a diferencia entre poboación observada e a poboación esperada de cada cidade ou aglomeración e os valores do cociente P_o/P_e.
O cociente P_o/P_e resulta de dividir la poboación observada de cada cidade pola súa correspondente poboación estimada. Valores do cociente pertos á unidade indican un alto nivel de axuste, valores por encima da unidade sinalan que a poboación real é superior á esperada, e valores inferiores á unidade manifestan poboacións por debaixo das que cabería esperar nunha situación ideal.
A distribución ideal da regra rango-tamaño expresa igualmente as condicións óptimas que debería ter a xerarquía urbana para facilitar las interrelacións entre aglomeracións ou cidades e fomentar os procesos de difusión e adopción de innovacións dos que depende o desenvolvemento económico, social e cultural dos países ou espazos rexionais nos que se localizan as redes.
O axuste completo á regra resulta moi difícil na práctica, xa que sempre existen importantes diferencias de urbanización entre unas rexións e outras. Os recursos e as actividades económicas se distribúen de maneira desigual sobre o territorio e os contrastes entre os sistemas urbanos son fortes.
En xeral, as distribucións regulares e máis próximas ao modelo rango-tamaño atópanse nos países máis desenvolvidos, que teñen redes urbanas completas e ben xerarquizadas.

REGRA RANGO-TAMAÑO APLICADA ÁS AGLOMERACIÓNS DE MÁIS DE 500.000 HABITANTES DE ESPAÑA (2008)

AGLOMERACIÓN	RANGO	Poboación real ou observada	Poboación esperada	Diferencia entre Po e Pe	Po/Pe
Madrid	1	5.447.773	5.447.773	0	1,00
Barcelona	2	3.186.461	2.723.887	462.575	1,17
Valencia	3	1.720.065	1.815.924	-95.859	0,95
Sevilla	4	1.471.723	1.361.943	109.780	1,08
Bilbao	5	879.569	1.089.555	-209.986	0,81
Centro Astur	6	854.217	907.962	-53.745	0,94
Málaga	7	851.538	778.253	73.285	1,09
Zaragoza	8	730.365	680.972	49.393	1,07
Alacant	9	725.698	605.308	120.390	1,20
Vigo-Pontevedra-Vilagarcía	10	707.854	544.777	163.077	1,30
Baía de Cádiz	11	635.152	495.252	139.900	1,28
Murcia	12	602.145	453.981	148.164	1,33
Golfo Ártabro (A Coruña-Ferrol)	13	559.212	419.059	140.153	1,33
Las Palmas	14	547.726	389.127	158.599	1,41
Granada	15	546.815	363.185	183.630	1,51
Palma de Mallorca	16	503.444	340.486	162.958	1,48
TOTAL AGLOMERACIÓNS DE MÁIS DE 500.000		**19.969.757**	**43,26% DA POBOACIÓN ESPAÑOLA**		

FTE. Instituto Nacional de Estadística. Datos do padrón municipal de habitantes de 2008



O sistema urbano español vertébrase sobre dezaseis aglomeracións urbanas que superan os 500.000 habitantes. **Madrid** e **Barcelona** contan con **máis de 3.000.000 de habitantes**. Madrid ocupa o primeiro con 5.500.000 de habitantes e Barcelona os 3.000.000. As dúas configuran un **sistema bipolar**.

Cinco aglomeracións superan os 800.000 habitantes (Valencia, Sevilla, Bilbao, Centro Astur e Málaga) e outras nove superan os 500.000 (observar táboa).
Por debaixo delas vai un elevado número de cidades entre 400.000 e 100.000 habitantes como froito da descentralización urbana. O sistema urbano español é fundamentalmente periférico (predominando no sector Mediterráneo), con dúas macrourbes no interior da península (Madrid e outra secundaria en Zaragoza). O espazo interior está pouco urbanizado.
No mapa das cidades españolas distinguiremos xerarquicamente os seguintes postos: metrópole (global nacional, rexional e subrrexional), cidades medianas, e capitais de comarca todas elas vertebradas nunha rede urbana que configura unha serie de eixes dentro do espazo español e europeo.

7.1.1. Metrópoles globais nacionais.



É o **primeiro nivel xerárquico**. Están representa-das por Madrid e Barcelona, aglomeracións que superan os 3.000.000 de habitantes. Nelas reside o 20% da poboación española. A súa influencia abarca a todo o territorio español e manteñen relacións estreitas co sistema urbano europeo e mundial. Teñen funcións moi diversificadas, servizos moi especializados, numerosas oficinas centrais de empresas nacionais e multinacionais e localízanse as sedes das principais institucións públicas culturais, políticas e económicas do país. O seu tamaño e a súa condición pode xerar, por outro lado, serios problemas como por exemplo a conxestión das redes de transporte.

7.1.2. Metrópoles rexionais e subrexionais.

As **metrópoles rexionais** son un **segundo nivel xerárquico** están representadas na actualidade en España por cinco aglomeracións: Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e Zaragoza. Cunha poboación comprendida entre o 1.750.000 e 750.000 habitantes. Ben comunicadas, con funcións diversificadas e servizos especializados. A súa área de influencia abarca unha extensa rexión[3] e manteñen unha forte ligazón coas metrópoles globais ou nacionais.
As **metrópoles subrexionais** ou **rexionais de segundo orde** (**terceiro nivel xerárquico**) son pequenas áreas metropolitanas como Vigo, A Coruña, Oviedo, Valladolid, Palma de Mallorca, Alacant... Cunha aglomeración en torno aos 700.000 e 250.000 habitantes. Igual que as metrópoles rexionais teñen funcións diversificadas e servizos especializados pero a súa área de influencia é menor que unha metrópole rexional.

[3] Concepto que é máis amplo que o termo político-administrativo Comunidade Autónoma. Podemos denominalo como aquela área xeográfica que ten aspectos físicos e socioeconómicos homoxéneos.

7.1.3. Cidades medianas.

Representan o **cuarto nivel xerárquico**. Tamén se lles denomina **centros subrexionais**. Teñen unha poboación en torno os 200.000 e 50.000 habitantes. Son centros administrativos (moitas son capitais provinciais e incluso autonómicas), con importantes servizos. Santiago, Santander, Cádiz, Logroño, Ciudad Real... son exemplos deste modelo.

7.1.4. Capitais comarcais.

Representan o **quinto nivel xerárquico**. Son núcleos que teñen en torno aos 10.000 e 50.000 habitantes. Posen equipamentos, infraestruturas e servizos básicos a súa área de influencia abarca unha comarca. Monforte, Ponferrada, Miranda do Ebro... son exemplos deste nivel xerárquico.

7.2. Rede urbana.

Dende 1960 o sistema urbano español foi evolucionando e trazando uns eixes de desenvolvemento que coinciden coa localización das principais áreas económicas e coas redes de transporte.
Por outro lado Europa Occidental é na actualidade ou ben un espazo urbano ou un **territorio organizado polas cidades**. O 50% da poboación da Europa Occidental reside en áreas metropolitanas. Podemos considerar que a rede española é unha subrede da rede europea.

7.2.1. A rede española.

A rede urbana española está vertebrada por eixes ou áreas que son os seguintes:

7.2.1.1. O eixe mediterráneo.

Xa falamos anteriormente da **megalópole** que vai dende Cartagena á fronteira francesa. Esta inclúe grandes metrópoles como Barcelona e Valencia. Os transportes (autopista, ferrocarril e tráfico aéreo), a actividade industrial e o turismo facilitaron o seu desenvolvemento. Practicamente todo o litoral está urbanizado. Este eixe relaciónase co eixe urbano mediterráneo francés.

7.2.1.2. O eixe cantábrico.

Esténdese dende a fronteira francesa ao centro da rexión asturiana. Cara o occidente asturiano e a costa cantábrica galega este eixe é menos vigoroso. Trátase dun eixe descontinuo con grandes aglomeracións como Bilbao que forma un triángulo con Vitoria e Donosti e Oviedo, Gijón e Avilés. Conta con Santander como cidade media intermedia. Ten ramificacións cara o interior da Meseta (León, Burgos e Logroño). A reconversión industrial fixo que este eixe urbano deixase de ter a importancia que tivo no pasado.

7.2.1.3. O eixe do val do Ebro.

Caracterízase por formar un corredor que une os eixes anteriores. A cidade principal é Zaragoza que crea un enlace moi importante con Logroño ou o sur de Navarra. É un eixe novo, moi dinámico, mantendo equilibrio entre a industria e o sector sevizos.

7.2.1.4. O eixe atlántico.

Esténdese entre Ferrol e a aglomeración de Vigo. Prolóngase polas penínsulas e puntos costeiros (Morrazo, Salnés, Barbanza, Noia) e cara Lugo e Ourense polo interior. Está especializado fundamentalmente na actividade comercial.

7.2.1.5. O eixe andaluz.

Ten dous corredores. Un litoral que se estende dende Huelva cara a Almería. Especializado no turismo, comercio e agricultura moi tecnificada. Outro eixe esténdese dende Sevilla a través do val do Guadalquivir cara Jaén, é descontinuo e menos dinámico as súas cidades están relacionadas co desenvolvemento agrícola do contorno, o comercio e o turismo.

7.2.1.6. Madrid.

O carácter de centralidade e capitalidade fai que sexa o núcleo urbano máis grande de España. Ten un carácter multifuncional terciario. É polo de atracción doutras cidades cércanas pertencentes a outras comunidades autónomas (Ávila, Segovia, Toledo, Guadalajara). Mantén importantes relacións coas principais cidades españolas e esta integrada no sistema urbano europeo.

7.2.1.7. Arquipélagos.

En **Baleares** e **Canarias** a insularidade dificulta a formación de eixes. As cidades máis importantes son as capitais autonómicas como Palma de Mallorca no caso Balear e un sistema bipolar (Tenerife e Las Palmas) no caso canario. Existe un claro predominio de actividade turística.
Por último destacar, que no **interior peninsular** non existen eixes urbanos. Predominan medianas e pequenas cidades (a excepción de Valladolid) especializadas na administración, comercio e agroalimentación.

7.2.1.8. As Comunidades Autónomas e o sistema urbano.

A creación das Comunidades Autónomas influíu no sistema urbano anterior equilibrando este cara un sistema urbano rexional en detrimento coa centralidade de Madrid e outros sistemas rexionais.
Atopámonos con varias tipoloxías: **sistema monocéntrico primado** unha gran cidade ou media representa o lugar central dentro do sistema rexional sen cidades intermedias (Madrid, Aragón, Cantabria, Catalunya, A Rioxa ou Baleares). **Monocéntrico xerarquizado** no que unha cidade xerarquiza o sistema pero na que existen cidades intermedias con importantes servizos (Murcia, Comunidade Valenciana, Andalucía Occidental e Navarra). **Sistema policéntrico** dúas ou varias cidades repártense as funcións e manteñen fluxos bidireccionais entre si ou unidireccionais con outras de menor rango (Galicia, Asturias, País Vasco, dúas Castelas, Extremadura, Andalucía Oriental e Canarias).



7.2.2. Rede urbana europea: o arco centroeuropeo e mediterráneo.

Varios eixes articulan o espazo urbano europeo. O máis importante e máis dinámico

é o **arco centroeuropeo** que une o sur de Gran Bretaña co norte de Italia. É o corazón económico de Europa do cal España atópase nunha situación periférica. Aínda así hai unha importante ligazón a través do **arco mediterráneo** que une a costa oriental española co sur de Francia e norte de Italia e lígase ao centro de Europa. Nos últimos anos estase a consolidar o **eixe diagonal peninsular** que une Barcelona-Zaragoza-Madrid-Lisboa asociando este tamén a Europa Central.

8. O PROBLEMA URBANO.

As cidades e as aglomeracións urbanas teñen moitos **problemas**. As propostas de solución correspóndelle aos **axentes sociais** pero é sobre todo a actuación realizada polos distintos **concellos** a través da **planificación urbana** os que teñen que dar remedio a estes.

8.1. Os problemas.

Os problemas que a cidade ten céntranse en catro aspectos que podemos observar no seguinte esquema:

PROBLEMAS DO MUNDO URBANO			
Aglomeración e densificación demográfica	**Económico: Excesiva terciarización**	**Sociais**	**Problemas ambientais**
a) Prezo e alugueiro do solo e vivenda moi caro. b) Presión sobre o espazo non urbanizado (zonas agrarias e verdes) c) Dificultades nos subministros básicos e equipamentos (educativos, sanitarios...). d) Transporte. Infraestruturas e transporte público.	a) **A terciarización** das actividades urbanas. Moi presentes no centro e ausente nos barrios periféricos. Perda de tecido empresarial industrial. Desaparación dos espazos reservados para uso agrario.	a) Polarización social: xentrificación nun sectores, segregación e ghettoización. Sociedade dual. b) Dificultades de integración. c) Envellecemento do centro urbano. d) Marxinación e delincuencia nalgúns barrios.	a) Efecto invernadoiro (slump). b) Contaminación atmosférica. c) Contaminación acústica. d) Xeración e eliminación de residuos urbanos. e) Desaparición de espazos verdes.

8.2. Os axentes sociais.

Os axentes sociais urbanos son aqueles grupos e institucións que interveñen na creación e produción de espazo urbano: están formado polos propietarios privados de solo urbano, os promotores inmobiliarios, os empresarios, os veciños e os poderes públicos. Ás veces existe un conflito latente entre os distintos grupos. Polo xeral os propietarios privados de solo e promotores inmobiliarios entenden o espazo urbano como un valor de cambio (beneficio) que choca coas demandas dos cidadáns, representados polo movemento veciñal que defenden o valor de uso (incremento de zonas verdes, equipamento, acceso a vivenda de promoción pública...). Os poderes públicos teñen que dar solucións e mediar nestes conflitos.

8.3. A planificación urbana.

Planificar é prever ou orientar a evolución do crecemento futuro da cidade ou dun territorio. Un **plan urbanístico** é un documento técnico, político e legal que establece os tipos, formas e ritmos de evolución da cidade. Nos plans urbanísticos ten moita importancia o **transporte público**, a **viabilidade do tránsito privado**, a provisión de **equipamentos** e **servizos**, as **normativas** e **ordenanzas** de edificabilidade, estándares de habitabilidade dunha vivenda. O **plan xeral de ordenación urbana** é o instrumento de planificación que teñen os distintos concellos. Aínda que as denominacións son cambiantes (segundo a lexislación de cada Comunidade

Autónoma) o solo clasifícase en catro grandes categorías: **urbano**, **urbanizable**, **non urbanizable** e **sistemas xerais**[4].

9. O SISTEMA URBANO EN GALICIA

GALICIA HABITANTES	**1.367.476**
DOS 20 CONCELLOS MÁIS POBOADOS (2008)	**(49,12%)** da poboación galega
CONCELLO	**HABITANTES**
Vigo	295.703
Coruña (A)	245.164
Ourense	107.057
Lugo	95.416
Santiago de Compostela	94.339
Pontevedra	80.749
Ferrol	74.696
Vilagarcía de Arousa	37.329
Narón	37.008
Oleiros	32.381
Carballo	30.653
Redondela	30.036
Arteixo	28.961
Culleredo	27.670
Ribeira	27.430
Marín	25.879
Ames	25.818
Cangas	25.537
Cambre	22.900
Ponteareas	22.750

A implantación tardía da actividade industrial en Galicia fixo que o proceso de urbanización fose tardío. O crecemento urbano despegou na segunda metade do século XX. O subsistema urbano galego ten como características un forte desequilibrio demográfico e funcional entre as provincias occidentais e as orientais. O peso urbano concéntrase no oeste a través do corredor atlántico que une dúas rexións urbanas do Golfo Ártabro (A Coruña-Ferrol) con Vigo-Pontevedra e que ten como centro a Santiago como capital autonómica. Este corredor concentra a máis do 60% da poboación galega e o 80% da renda. Por outro lado amplíase cara o norte de Portugal uníndose coa aglomeración de Oporto.

Resumindo o subsistema organízase do seguinte xeito: **dúas metrópoles rexionais de segundo orde** xerarquizadas por Vigo e A Coruña, **cinco cidades medias** (Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol) con importante especialización en servizos e actividade comercial e un numeroso conxunto de **vilas** de tamaño variable que actúan

como cabeceiras de comarca (Carballo, A Estrada, Lalín, As Pontes, Monforte de Lemos, Viveiro...).

10. TÉCNICAS DE TRABALLO: COMENTARIO DUN PLANO URBANO[5].

Analizar un plano urbano serve para entender a situación, evolución histórica, morfoloxía e a estrutura interna dunha cidade. A partir dun plano urbano poden elaborarse outros planos temáticos como pode ser o de liñas do transporte público, plano turístico, planeamento urbanístico...

ELEMENTOS A TER EN CONTA Á HORA DE COMENTAR.

a) **Situación** e **localización**.

- Determinar a situación e localización.
- A situación está relacionada co contorno xeográfico onde se localiza a cidade (á beira dun río, na costa, nunha encrucillada de camiños) sempre facendo referencia a outros elementos.
- A localización está relacionada co punto concreto onde está instalada a cidade orixinariamente (o casco antigo) (nun outeiro, nunha baía...) hai que dar explicación do porqué desa localización (defensiva, comercial...).

[4] No vocabulario ampliarase a definición destas categorías de solo.
[5] Hai elementos comúns nos planos das cidades españolas para comprender a súa evolución morfolóxica e estrutural. Aínda así non está de máis coñecer a historia local dunha cidade para entender a súa evolución. Sempre será un material de axuda complementario moi interesante.

- .A evolución do crecemento urbano dunha cidade debe ter en conta a situación orixinaria (onde está o casco antigo) e os barrios que foron crecendo ao seu redor (establecendo a súa cronoloxía).

b) **Diferenciar as distintas partes do plano** e **analizar** cada unha delas.

b.1) **Casco antigo**.

Plano

- Observar se o casco antigo está, estivo rodeado de **muralla** ou se conserva parcialmente. Explicar a súa función (defensiva, fiscal e sanitaria). Se tivo ampliacións, se había internamente barrios delimitados por murallas...

- **Tipo de plano**: predomina o irregular explicar por que. Tamén pode aparecer o cuadricular ou radiocéntrico. Explicar tamén os porqués.
- Observar **modificacións posteriores no plano do casco antigo**: apertura de prazas, novos viais (máis anchos, mellor alineados). Cando e por que se fixo. Tendo en conta a importancia da desamortización e o proceso de industrialización e a revolución dos transportes por exemplo.

Trama

- Como é a trama (compacta e pechada) e por que (crecemento dentro da muralla).

Análise dos edificios

- Aínda que non se pode observar nun plano, si pode supoñerse. No casco antigo localízanse os principais monumentos históricos civís e relixiosos de que período son. Os cambios nos edificios (crecemento en altura). Que predominou (isto tamén pode afectar ao plano): **destrución**, **renovación** ou **conservación**.

Uso do solo

- Uso tradicional: residencial, artesanal ou comercial. Uso moderno: crecente terciarización (comercio e negocios: CBD) ou modificación no uso residencial (xentrificación ou marxinalidade).

Problemas e solucións

- Deterioro físico de rúas e casas, deterioro social (envellecemento e marxinalidade), excesivo uso da actividade terciaria...
- Rehabilitación física, social e funcional.

b.2) **O ensanche, os barrios obreiros** e **barrios xardín** da etapa industrial

Causas da expansión da cidade

- Explicar por que crece a cidade a partir da 2ª metade do século XIX: elección das capitais provinciais, a industria... Explicar o novo modelo de planificación adaptado as ideas do hixienismo, racionalismo, modernidade e progreso (ensanche e barrios xardíns) e as súas contradicións (barriadas obreiras).

Distinguir as áreas da cidade industrial

- Ensanche.
- Barrios obreiros.
- Barrios-xardín (clase baixa e clase alta)

- Explicar, igual que no casco antigo: tipo de plano, trama, edificacións e usos de solo.

Problemas e solucións

- Envellecemento de inmobles (modernización ou rehabilitación)
- Deterioro físico de rúas e casas, deterioro social e servizos nos antigos barrios obreiros.
- Excesiva actividade terciaria no ensache (CBD).
- Renovación física, social e funcional para novos usos terciarios e residenciais nas vellas áreas industriais.

b.2) **Periferia**

Causas da expansión cara a periferia

- Explicar que o momento se produce a partir da década dos sesenta: industrialización, éxodo rural e urbanización. Tendencia á residencia suburbana. Descentralización económica.

Diferenciación de áreas na periferia

- Explicar o tipo de plano, trama, edificacións e usos de solo.
- Áreas residenciais: tipo: polígonos de promoción oficial, crecemento en mancha de aceite (mal planificado), polígonos de promoción pública ou privada, vivendas unifamiliares.
- Áreas industriais (polígonos), comerciais e outro tipo de equipamentos (zonificación).

Problemas e solucións

- Chabolismo (erradicación, vivendas sociais). Barrios non planificados en mancha de aceite, falta de equipamento e servizos, rehabilitación de vivendas, transporte.